

5

000024

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

(Consello de Departamento do 4 de febreiro de 1991)

Departamento de Bioloxía Animal

Universidade de Santiago

Artigo 1.-

O Departamento de Biología Animal da Universidade de Santiago rexeráse, para o seu funcionamento, no marco do sinalado na Lei Orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria e no Real Decreto 2360/1984, de 12 de decembro, polo disposto nos Estatutos da Universidade e no presente Regulamento, tendo en conta o documento de integración Colexios Universitarios-Facultades, aprobado pola Xunta de Goberno o 4 de xullo de 1986.

Artigo 2.-

1.- O Departamento de Biología Animal da Universidade de Santiago de Compostela agrupa a tódolos docentes e investigadores pertencentes á área de coñecemento "Biología Animal", salvo os que obteñan a adscrición a outro Departamento por aplicación do artigo 8º do R. D. 2360/1984 de 12 de decembro.

2.- O Departamento de Biología Animal é o órgano encargado, en tódolos Centros da Universidade de Santiago, da organización e desenvolvemento do ensino e a investigación na devandita área de coñecemento.

3.- O Departamento de Biología Animal organizaráse en base á súa estrutura docente e investigadora segundo o artigo dous, apartado 2, deste Regulamento.

4.- O Departamento de Biología Animal, de acordo cos Estatutos da Universidade, promoverá, no desenvolvemento do seu labor docente e investigador, o enraizamento e vinculación coa sociedade galega, amais do emprego do galego no ensino e en tódalas súas actividades.

Artigo 3.-

En relación co artigo anterior, apartado 1, consideraranse investigadores do Departamento aqueles doutores que teñan relación contractual co mesmo como tales.

Artigo 4.

A sede do Departamento ubicarásese no edificio habitual de traballo do seu Director.

Artigo 5.-

Para os efectos que atinxe o artigo 15 dos Estatutos da Universidade, o Departamento de biología Animal estará adscrito á Facultade de Biología.

000026

Artigo 6.-

Ó amparo do artigo 11.3 dos Estatutos da Universidade, o Departamento de Bioloxía Animal poderá propor a Xunta de Goberno a creación de Seccións Departamentais cando a dispersión xeográfica das súas actividades o aconselle.

Artigo 7.-

Son órganos de dirección e xestión do Departamento de Bioloxía Animal os seguintes:

- a) O Consello de Departamento
- b) A Comisión Permanente
- c) O Director
- d) O Secretario
- e) Os directores das Seccións departamentais, no seu caso.

Artigo 8.-

1.- O Consello de Departamento estará composto por:

- a) Os Catedráticos, Profesores Titulares, Profesores asociados, Profesores Eméritos e Profesores Visitantes integrados no mesmo.
- b) Os axudantes do Departamento.
- c) Os bolseiros de F.P.I. ou asimilados e os investigadores integrados no Departamento.
- d) Unha representación dos estudantes do ámbito de docencia do Departamento, elixida anualmente entre eles, que suporá o vinte-cinco por cento do total dos membros do Consello do Departamento. Deles, o dez por cento será do primeiro e segundo ciclo e o quince por cento do terceiro ciclo.

2.- De propoñelo o propio Consello do Departamento, poderán ser convidados ás súas reunións para discutir asuntos específicos, con voz pero sen voto, todos aqueles profesores, investigadores, estudantes e un representante do Persoal de Administración e Servicios do Departamento que poidan resultar afectados polos mesmos.

Artigo 9.-

Corresponderá ó Consello de Departamento:

- a) Elixir-lo Director, e, no seu caso, propoñer á Xunta de Goberno a súa remoción mediante escrito razonado que deberá ser aprobado por maioría absoluta dos membros do Consello do Departamento.
- b) Elaborar e propoñer á Xunta de Goberno o Regulamento de funcionamento interno e as súas modificacións.
- c) Informar sobre a procedencia ou non da minoración de cambio de denominación ou de categoría das prazas de Catedrático ou Profesores Titulares do Departamento.
- ch) Solicita-la convocatoria a Concurso de prazas vacantes

de Catedrático ou Profesor Titular e propoñer Presidente e Secretario das comisións que deberán xulgalas.

000028

- d) Propoñe-la contratación de Profesores Asociados e Visitantes, e o nomeamento de Profesores Eméritos.
- e) Propoñe-la convocatoria a concurso das prazas de Axudantes e efectua-la proposta dos Profesores do Departamento que formen parte da Comisión que xulgue estes concursos.
- f) Informar sobre a asignación dos conceptos retributivos ós que alude o artigo 46.2 da Lei de Reforma Universitaria.
- g) Elabora-la memoria anual sobre o labor docente e investigador realizado, ó que se refere o artigo 117 dos Estatutos.
- h) Da-la conformidade ó Director do Departamento para a negociación dos traballos e cursos de especialización ós que se refere o artigo 11 da Lei de Reforma Universitaria.
- i) Informar sobre a procedencia de que os Axudantes realicen noutra institución os estudos ós que se refere o artigo 34.4 da Lei de Reforma Universitaria.
- j) Programa-la avaliación do rendemento dos estudantes.
- k) Elabora-lo Programa de organización docente.
- l) Aproba-las propostas dos programas de Doutoramento para a súa tramitación á Comisión correspondente.
- ll) Avalia-los alumnos dos programas de Doutoramento a cargo do Departamento.
- m) Nomea-los titores dos alumnos de Doutoramento.
- n) Admitir ou rexeita-los proxectos de Teses de Doutoramento e de Tesiñas de Licenciatura, segundo o regulamento que se elaborará oportunamente.
- n) Informar se procede ou non a ampliación do prazo para presenta-la Tese de Doutoramento.
- o) Da-la súa conformidade para a presentación das Teses de Doutoramento.
- p) Formula-las propostas para o nomeamento dos tribunais que deberán xulga-las Teses de Doutoramento.
- q) Remitir a Comisión de Doutoramento un exemplar de cada Tese de Doutoramento unha vez que esa fora aprobada, ós efectos de arquivo e documentación.
- r) Ser oído para a admisión de estudantes do terceiro ciclo doutras universidades e informar sobre a convalidación dos cursos realizados.
- rr) Elaborar e aproba-los programas plurianuais de investigación.
- s) Aproba-lo presuposto do Departamento.
- t) Crea-las Comisión que se precisen para estudia-los

asuntos que lles sexan delegados.

u) Propoñe-la contratación temporal de persoal que colabore na investigación. 000029

v) Propoñer, no seu caso, o acceso ás categorías contractuais, ás que fai referencia o artigo 104 dos Estatutos, daqueles Profesores non numerarios que emprestaban os seus servicios na data de entrada en vigor dos Estatutos da Universidade.

w) Propoñer nomeamentos de Doutores Honoris Causa.

x) Propoñer á Xunta de Goberno a creación de Seccións Departamentais.

y) Recibi-las comunicacións ás que se alude no artigo 35.

z) Calquera outras que lle sexa atribuíble por este Regulamento ou polos Estatutos da Universidade.

#### Artigo 10.-

O Consello do Departamento non poderá delegar en ningunha Comisión as funcións sinaladas nos puntos a, b, c, ch, d, e, s, t, x e y do artigo 9 do presente Regulamento. Poderá solicitarse informacións sobre estes puntos ás Comisións Permanente ou Temáticas, mais o aprobamento das súas conclusións será sempre competencia do Consello.

#### Artigo 11.-

1.- O Consello do Departamento reunirse por iniciativa do Director ou previo pedimento dun tercio dos seus membros. En todo caso celebrará alomenos unha reunión cada trimestre.

2.- Salvo que o Consello do Departamento determine o contrario, as súas reunións terán lugar na sede do Departamento.

3.- As reunións do Consello do Departamento serán convocadas coa debida antelación, tendo en conta, no seu caso, a existencia de membros do mesmo en campus distintos da sede do Departamento.

4.- O 10% dos membros do Consello poderán solicitar ó Director a inclusión de puntos concretos na orde do día.

#### Artigo 12.-

1.- A Comisión Permanente é un órgano de xestión do Consello do Departamento e estará composta por:

a) O Director, que a presidirá e convocará.

b) O Secretario, que o será tamén da Comisión Permanente.

c) Tres representantes de Profesores numerarios.

d) Un representante dos Profesores non numerarios e axudantes.

e) Un representante dos bolseiros.

- f) Un representante dos estudantes do terceiro ciclo.
- g) Un representante dos estudantes do primeiro e segundo ciclos.

2.- Os membros da Comisión Permanente elixiranse por e entre os representantes do Consello do Departamento de cada sector. As eleccións serán por voto secreto e convocadas cun mínimo de 48 horas de antelación.

Artigo 13. Tódalas competencias da Comisión Permanente serán delegadas do Consello do Departamento, que manterá o principio da súa soberanía. Son competencia da Comisión Permanente tódalas relativas ós asuntos de trámite, entendendo como tales os seguintes:

a) Da-la conformidade ó Director para a negociación dos traballos e cursos de especialización ós que se refere o artigo 11 da Lei de Reforma Universitaria.

b) Informar sobre a procedencia de que os Axudantes realicen noutra institución os estudos ós que se refere o artigo 34.4 da Lei de Reforma Universitaria.

c) Nomea-los titores dos alumnos de Doutoramento.

d) Da-la súa conformidade para a presentación das Teses de Doutoramento.

e) Formula-las propostas para o nomeamento dos tribunais que deberán xulga-las Teses de Doutoramento.

f) Remitir á Comisión de Doutoramento un exemplar de cada Tese de Doutoramento unha vez que esa fora aprobada, ós efectos de arquivo e documentación.

g) Velar polo cumprimento dos acordos adoptados polo consello do Departamento.

h) Recibir en primeira instancia e, no seu caso, executa-las propostas das distintas Comisións surxidas do Consello do Departamento.

i) Admitir ou rexeita-los proxectos de Tese de Doutoramento e Tesiñas de Licenciatura.

j) Asesorar ó Director do Departamento en todas aquelas cuestións da súa competencia que someta a súa consideración.

k) Aqueloutros asuntos que lle delegue o Consello e non contraveñan ningún artigo deste Regulamento.

Artigo 14.-

A Comisión Permanente reunirse alomenos unha vez ó mes, cando o Director do Departamento o considere oportuno ou a pedimento dun tercio dos seus membros. Convocarase con corenta e oito horas de anticipación.

Artigo 15.-

Os membros electos da Comisión Permanente poderán ser renovados, total ou parcialmente, no primeiro trimestre de cada ano académico ou cando o soliciten os dous tercios dos membros do Consello do Departamento.

Artigo 16.-

O Consello do Departamento será informado polo Secretario de tódolos asuntos tratados pola Comisión Permanente nas súas reunións, lendo para iso as actas das mesmas.

Artigo 17.-

1.- O Departamento terá un Director que será elixido polo Consello de acordo co regulamento elaborado e aprobado pola xunta de Goberno.

2.- En todo caso, o réxime de adicación a tempo completo será un requisito necesario para o desempeño da dirección do Departamento.

Artigo 18.-

1.- O Director do Departamento será nomeado solo polo Rector da Universidade. O nomeamento será comunicado á Xunta de Goberno e ós Decanos ou Directores das Facultades, Escolas e Colexios Universitarios onde o Departamento desenvolva as súas funcións docentes e investigadoras.

2.- O cargo de Director de Departamento desempeñárase durante tres anos, con posibilidade de reelección.

3.- En caso de ausencia, enfermidade ou dimisión do Director do Departamento, substituirao como Director accidental o Profesor de categoría superior máis antigo no Departamento.

Artigo 19.-

1.- O Director do Departamento será o encargado da súa representación.

2.- Corresponderá ó Director do Departamento:

a) Presidir e convoca-lo Consello do Departamento e a Comisión Permanente.

b) Executa-los acordos adoptados polo Consello do Departamento e velar polo seu cumprimento.

c) Organizar e coordinar, de conformidade co Consello do Departamento, os medios persoais e materiais dos que se dispoña, da maneira máis axeitada para cumprir-los obxectivos investigadores e docentes do mesmo.

d) Elaborar, con asistencia do Secretario, a memoria anual das actividades desenvolvidas polo Departamento.

e) Executa-las previsións presupostarias.

f) Negociar con entidades públicas e privadas, e de acordo co Consello do Departamento, os traballos e cursos ós que se refere o artigo 11 da Lei de Reforma Universitaria, sempre que isto afecte ó Departamento como tal.

g) Calquera outra que afecte ó Departamento e non fora explicitamente atribuída ó Consello ou a outros órganos da Universidade.

#### Artigo 20.-

1.- O Secretario do Departamento será nomeado polo Director entre os Profesores e Axudantes.

2.- Son funcións do Secretario do Departamento:

a) Levantar acta das sesións do Consello do Departamento e da Comisión Permanente.

b) Expedi-las certificacións que lle correspondan e tramita-las propostas.

c) Coida-lo arquivo e a documentación do Departamento.

d) Redactar todos cantos escritos de carácter administrativo lle sexan encomendados, coa autorización explícita do Director.

e) Exercer, por Delegación do Director a xefatura inmediata do persoal de Administración e Servicios especificamente adscrito ó Departamento.

#### Artigo 21.-

En cada un dos Centros en que o Departamento dispensa docencia existirá un coordinador, designado polo Consello de Departamento, que desempeñará funcións de enlace co Director.

Artigo 22.-

Ademais da Comisi3n Permanente haber3 outras Comisi3ns de car3cter fixo ou conxuntural. As fixas ser3n as seguintes: Docencia, Investigaci3n, Persoal, Econ3mica e Biblioteca. As Comisi3ns conxunturais constituiranse para resolver asuntos concretos e deixar3n de existir 3 rematar estas ou completa-lo seu cometido.

Artigo 23.-

As Comisi3ns informan, coordinan e elaboran propostas sobre os temas encomendados polo Consello do Departamento, podendo tomar decisi3ns sobre aqueles asuntos para os que foran expresamente autorizados polo Consello do Departamento.

Artigo 24.-

As decisi3ns das Comisi3ns naqueles asuntos nos que foron expresamente autorizadas poder3n ser recorridas nun prazo de dous dias contados a partir do seguinte a se facer p3blicas. A presentaci3n do recurso paralizar3 a tramitaci3n ou execuci3n das decisi3ns recorridas, sendo o Consello do Departamento o 3rgano encargado de resolve-lo recurso.

Artigo 25.-

A composici3n de cada unha das Comisi3ns fixas especificarase nos cap3tulos correspondentes. As Comisi3ns conxunturais estar3n integradas por cinco persoas e presididas por un profesor.

### CAPITULO III: Da organización docente

000034

#### Artigo 26.-

O Consello do Departamento realizará anualmente a planificación da súa actividade docente, e remitiraa ós distintos Centros para a súa tramitación ó Rectorado. Tamén remitirá ó Rectorado a relación das materias dispensadas por cada un dos profesores.

#### Artigo 27.-

1.-O reparto da carga docente farase de xeito equitativo entre tódolos Profesores. Nas demandas de persoal docente establecerase unha xeira de prioridades en función das necesidades de cada Campus, de xeito que se atenda antes os peor dotados.

2.- A distribución das obrigas docentes deberá contemplar no posible a necesidade de cubrir tódalas ausencias que, por motivos xustificadas, se poidan producir por parte de calquera dos membros do Departamento ó longo do curso, tendo en conta a súa calificación.

3.- Poderánsolicitar cambios de destino entre Profesores do Departamento, sempre que exista acordo entre os interesados.

#### Artigo 28.-

1.- Os programas das materias serán elaborados con especial atención ás peculiaridades dos programas de estudos de cada Centro e do Currículo necesario para os estudantes. Tenderase á unificación dos programas cando unha mesma asignatura se imparta en Campus diferentes.

2.- O Departamento comunicará ós respectivos Centros, coa antelación suficiente, os programas teóricos e, no seu caso prácticos, das materias ó seu cargo, que se desenvolverán no curso académico seguinte, así como unha relación dos Profesores asignados para dispensalas e os períodos de tempo previstos para isto.

Artigo 29.- O Departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos durante o curso académico; correspóndelle ó Consello aprobar esta programación, así como o seu presuposto.

#### Artigo 30.-

Os Profesores que desexen organizar ou dispensar cursos, congresos, conferencias ou seminarios, sen cargo ós créditos do Departamento, hanllo de comunicar ó seu Director. As ditas actividades poderán figurar na memoria anual do Departamento.

#### Artigo 31.-

Existirá unha Comisión de Docencia, composta por: O

Director, 3 Profesores, 1 alumno do 3º ciclo e un alumno do 1º e 2º ciclos, elixidos polo Consello do Departamento, estamentariamente entre os seus membros.

000035

Artigo 32.-

Serán funcións da Comisión de Docencia todas aquelas que lle encargue o Consello de Departamento ou a Comisión Permanente en relación coa organización docente do mesmo.

Artigo 33.-

1.- O Consello do Departamento, segundo as súas liñas de investigación, elaborará e aprobará os programas plurianuais, nos que se recollerán os proxectos específicos e mailos recursos de persoal e material necesarios.

2.- A devandita programación deberá ter en conta, no seu caso, a existencia de membros do Departamento en diferentes campus, de xeito que exista unha igualdade de oportunidades para realizar investigación.

Artigo 34.-

1.- O Departamento, ou os seus Profesores a través del, poderá contratar con entidades públicas ou privadas ou ben con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico ou técnico e mailo desenvolvemento de cursos de especialización, formación ou perfeccionamento.

2.- O procedemento para a sinatura dos ditos contratos é o establecido no "Regulamento para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico e desenvolvemento de cursos de especialización", aprobado pola Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela".

Artigo 35.-

Tendo en conta os seus programs de investigación, o Departamento poderá contratar temporalmente persoal que colabore no desenvolvemento dos mesmos, con cargo ós fondos específicos de investigación asinados pola Universidade ou ós procedentes da financiación exterior.

Artigo 36.-

Tódolos pedimentos de financiamento con cargo a fondos non universitarios deberán ser comunicados previamente ó Consello do Departamento.

Artigo 37.-

Os Profesores e investigadores do Departamento remitirán anualmente ó Secretario do mesmo información sobre os seguintes asuntos:

a) Liñas de investigación que desenvolvan, así como, se procede, persoal dependente deles.

b) Datos para a actualización do seu Curriculum científico

e académico, acreditados documentalmente.

000037

c) Axudas recibidas para o desenvolvemento de proxectos de investigación: contía, equipos ou aparatos adquiridos, etc.

Artigo 38.

1.- Existirá unha Comisión de Investigación, composta por: O Director, 3 profesores, 1 bolseiro e un alumno do 3º ciclo, elixidos estamentariamente polo Consello do Departamento entre os seus membros.

2.- Serán funcións da Comisión de Investigación as seguintes:

- a) Elabora-los programas plurianuais de investigación.
- b) Garanti-la fluidez da información non institucional sobre as actividades de investigación e os seus recursos.
- c) Calquera outra que lle encargue o Consello do Departamento ou a Comisión Permanente en relación coa investigación.
- d) Informar sobre os Proxectos de Teses de Doutoramento e Tesiñas de Licenciatura.

CAPITULO V: Do persoalArtigo 39.-

O consello do Departamento elaborará os cadros de persoal docente e investigador.

Artigo 40.-

Para tódalas prazas do cadro de persoal ou contrato, o consello do Departamento convocará, previamente ó concurso público ordinario que efectúa a Universidade, un concurso de méritos entre os Profesores do Departamento que reúnan os requisitos legais establecidos.

Artigo 41.-

A promoción do Profesorado dependerá da súa adecuación e de criterios obxectivables de curriculum científico e académico.

Artigo 42.-

1.- As propostas de nomeamentos de bolseiros e mailas de contratación de persoal con cargo a créditos xerais do Departamento serán presentados ó seu Consello para a súa aprobación e tramitación ó Rectorado.

2.- As propostas de nomeamentos de bolseiros e mailas de contratación de persoal con cargo a fondos dun proxecto de investigación serán postas en coñecemento do Consello de Departamento polo investigador responsable do dito proxecto.

Artigo 43.-

Os Profesores poñerán en coñecemento do Consello a admisión de persoas para utilizaren regularmente as instalacións do Departamento.

Artigo 44.-

Existirá unha Comisión de profesorado, composta por: O Director, 3 Profesores, 1 bolseiro e 1 alumno de 3º ciclo, eleixidos estamentariamente polo Consello de Departamento de entre os seus membros.

Artigo 45.-

Serán funcións da Comisión de Profesorado as seguintes:

- a) Informar sobre a procedencia ou non da minoración

000039

de cambio de denominación ou de categoría das prazas de Catedrático ou Profesores Titulares do Departamento.

b) Informa-las solicitudes de convocatoria a concurso de prazas vacantes de Catedrático ou Profesor Titular e Propoñer ó Consello, un Presidente e un Secretario das Comisións que as deberan xulgar.

c) Estudia-las propostas de contratación de Profesores Asociados e Visitantes, e o nomeamento de Profesores Eméritos.

d) Estudia-laspropostas de convocatoria a Concurso das prazas de Axudantes e efectua-la proposta dos Profesores do Departamento que formen parte da Comisión que xulgue estes concursos.

e) Informar sobre a asignación dos conceptos retributivos ós que alude o artigo 46.2 da lei de Reforma Universitaria.

f) Calquera outra que lle encomende o Consello de Departamento ou a Comisión Permanente, en relación co persoal docente.

Artigo 46.-

1.- O presuposto do Departamento estará integrado por tódalas súas partidas de ingresos e gastos. Será elaborado pola Comisión Económica (artigo 48) e aprobado polo Consello do Departamento.

2.- consideranse ingresos do Departamento os seguintes:

a) Os créditos que se lle concedan nos presupostos da Universidade.

b) As partidas procedentes de contratos ós que se refere o artigo 33 do presente Regulamento.

c) Calquera outra partida que se lle poida atribuir.

3.- Os gastos do Departamento consideranse correspondentes a tres partidas:

a) Administrativos, de dirección e mantemento do Departamento.

b) De actividades docentes e de funcionamento xeral do Departamento.

c) Os procedentes da investigación.

Artigo 47.-

A distribución dos ingresos farase segundo as partidas de gastos do artigo anterior. Retraerase unha cantidade para o apartado a) e a cantidade restante distribuirase de acordo cos criterios xerais aprobados pola Xunta de Goberno, e de xeito que cada campus poida contar cun crédito mínimo.

Artigo 48.-

1.- Os gastos administrativos, de dirección e de mantemento do Departamento serán elaborados e enviados á Comisión Económica polo Secretario do Departamento. Inclúense neste grupo os gastos seguintes: material de oficina, teléfono, correo e todos os necesarios para o Departamento.

2.- As liñas xerais dos gastos previstos nos apartados b) e c) do punto 3 do artigo 46 serán elaboradas pola Comisión Económica en base as previsións de gastos que, polo procedemento oportuno, serán remitidas ó Secretario do Departamento antes do día 1 de Febreiro de cada ano.

Artigo 49.-

Existirá unha Comisión Económica, composta por: o

000041

Director do Departamento, 3 profesores, un boiseiro, un alumno do 3º ciclo e un alumno do 1º e 2º ciclos, elixidos estamentariamente polo Consello do Departamento de entre os seus membros.

Artigo 50.-

Serán funcións da Comisión Económica todas aquelas que lle encomende o Consello de Departamento ou a Comisión Permanente en relación co réxime económico do mesmo.

## CAPITULO VII: Da Biblioteca

250000

### Artigo 51.-

Constituirase unha Comisión de Biblioteca que se rexerá polo Regulamento da biblioteca Universitaria. Esta Comisión presentará informes regulares ó Consello do Departamento sobre a situación da biblioteca do mesmo e as súas necesidades. Inmediatamente despois da súa constitución elaborárase un proxecto de regulamento da biblioteca do Departamento que se someterá o Consello do Departamento para a súa aprobación.

### Artigo 52.-

A comisión de Biblioteca estará composta por: 2 Profesores, un alumno do 3º ciclo e un alumno do 1º e 2º ciclos, elixidos estamentariamente polo Consello do Departamento entre os seus membros.

### artigo 53.-

Serán función da Comisión de Biblioteca velar polos fondos bibliográficos existentes no Departamento, estudia-las necesidades e prioridades de libros, revistas ou outras publicacións que se poidan producir e propoñer, e no seu caso elixir, os representantes do Departamento noutras Bibliotecas.

CAPITULO VIII: Da reforma do regulamentoArtigo 54.-

A iniciativa da reforma deste Regulamento terá de ser suscrita polo 25% dos membros do Consello do Departamento, acompañarase co texto alternativo que se tente introducir, o cal será entregado ó Director, que o remitirá a tódolos membros do Consello do Departamento para o seu estudio.

Artigo 55.-

A reforma deste Regulamento requirirá, despois de que se discutan e se voten as distintas emendas, a aprobación do texto definitivo pola maioría absoluta dos membros do Consello do Departamento en primeira votación e por maioría simple en segunda votación. O director remitirá o novo texto á Xunta de Goberno para a súa aprobación definitiva.

DISPOSICION TRANSITORIA:

Quedan exceptuadas do previsto, no artigo 40 as prazas de transformación dos profesores non numerarios que estaban en servizo á entrada en vigor dos Estatutos.